

A directora xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, en representación desta, acorda ratificar a adaptación dos estatutos da Confraría de Pescadores San Gregorio de Raxó, que consta de 94 artigos, unha disposición adicional, unha derogatoria, e unha derradeira (56 páxinas), inscribida no Rexistro de Confrarías e das súas Federacións no folio 8 do libro 1º, e ordenar a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, adquirindo desde este momento a eficacia xurídica que lle recoñecen as normas legais de aplicación.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2004.

Rosa Mª Quintana Carballo
Directora xeral de Innovación
e Desenvolvemento Pesqueiro

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Decreto 181/2004, do 15 de xullo, polo que se aproba o calendario laboral para o ano 2005 na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 37.2º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, na súa redacción dada polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, determinan o calendario de festas laborais de ámbito nacional, de carácter retribuído e non recuperable e establece que cando algunha das festas cadre en domingo, o descanso laboral que corresponda a esta se goza o luns inmediatamente posterior. Respecto dalgunhas destas festas de ámbito nacional, as comunidades autónomas teñen facultades de opción ou substitución por outras que por tradición lles sexan propias.

Facendo uso destas facultades e ao coincidir en domingo o 1 de maio, Festa do Traballo, e o 25 de decembro, Natividade do Señor, considérase oportuno substituír o descanso laboral correspondente ás ditas festividades, incorporando á relación de festas da nosa Comunidade Autónoma para 2005, o 19 de marzo, San Xosé e o 17 de maio, Día das Letras Galegas, que pola súa significación foron xa implantadas como festa laboral noutras ocasións, seguindo así o criterio de manter unha certa estabilidade na determinación das festas laborais para conmemorar todo aquilo que forma parte da nosa tradición, historia e cultura, aproveitando as posibilidades que permite o calendario anual, que en 2005 fai que coincidan en domingo outras festividades celebradas en anos anteriores.

En virtude do establecido na Constitución española e no artigo 29.1º do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación co Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Comunidade Autónoma de Galicia, asumidas e asignadas polo Decreto 117/1982, do 5 de outubro, oído o Consello Galego de Relacións Laborais, por proposta da conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do quince de xullo de dous mil catro,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Conforme o establecido no artigo 37.2º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, modificado polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, de non producirse modificación no calendario laboral de carácter nacional, as festas laborais de carácter retribuído e non recuperable no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 serán as seguintes:

1 de xaneiro: Aninovo.
6 de xaneiro: Epifanía do Señor.
19 de marzo: San Xosé.
24 de marzo: Xoves Santo.
25 de marzo: Venres Santo.
17 de maio: Día das Letras Galegas.
25 de xullo: Santiago Apóstolo. Día Nacional de Galicia.
15 de agosto: Asunción da Virxe.
12 de outubro: Festa Nacional de España.
1 de novembro: Todo os Santos.
6 de decembro: Día da Constitución Española.
8 de decembro: Inmaculada Concepción.

Artigo 2º

Conforme o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos traballadores, artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, 1.11º do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, que serán determinadas polo delegado da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais en cada unha das provincias da Comunidade Autónoma, por proposta do Pleno dos respectivos concellos, e publicaranse nos boletíns oficiais de cada provincia e no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 3º

De acordo co que dispón o artigo 48.7º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as festas laborais sinaladas no arti-

go 1º terán o carácter de días inhábiles para os efectos de cómputo de prazos.

Disposición derradeira

Este decreto producirá efectos a partir do día un de xaneiro do ano dous mil cinco.

Santiago de Compostela, quince de xullo de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Mª José Cimadevila Cea
Conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

Resolución do 21 de xuño de 2004, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo do sector de carpintería, ebanistería e actividades afíns.

Visto o texto do convenio colectivo do sector de carpintería, ebanistería e actividades afíns, con número de código 3600215, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 15-6-2004, subscrito en representación da parte económica pola *Asociación de Fabricantes y Comerciantes del Mueble de A Estrada* (AFCM) e a *Asociación Provincial de Empresarios de la Madera* (ASEMA), e da parte social, polas centrais sindicais CC.OO., UGT e CIG, en data 10-6-2004. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 21 de xuño de 2004.

Joaquín Macías Sánchez
Delegado provincial de Pontevedra

Convenio colectivo de carpintería, ebanistería e actividades afíns da provincia de Pontevedra

Capítulo I Aspectos formais

Artigo 1º.-Comisión negociadora.

1. Forman a comisión negociadora do presente convenio, en representación empresarial a *Asociación de Fabricantes y Comerciantes del Mueble de A Estrada* (AFCM) e a *Asociación Provincial de Empresarios de la Madera* (ASEMA) e, representando aos traballadores, as centrais sindicais: Confederación Intersindical Galega (CIG), Unión Xeral de Traballadores (UGT) e Comisións Obreiras (CC.OO.).

2. Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente lexitimación para negociar o presente convenio.

Artigo 2º.-Ámbito territorial, funcional e persoal.

1. Territorial. Afectará a todas as empresas da provincia de Pontevedra.

2. Funcional. As actividades ás que se dediquen serán as recollidas nos grupos e os seus respectivos epígrafes do imposto de actividade económicas que se relacionan a continuación:

-462: fabricación de produtos semielaborados de madeira (chapas, taboleiros, madeiras melloradas, etc.).

-463: fabricación en serie de pezas de carpintería, parquet e estruturas de madeira para a construción.

-464: fabricación en envases e embalaxes de madeira.

-465: fabricación de obxectos diversos de madeira (excepto mobles).

-466: fabricación de produtos de cortiza.

-467: fabricación de artigos de xunco e cana, cestaría, brochas, cepillos, etc. (excepto mobles).

-468: industria do moble de madeira.

-505: acabado de obras.

-E, calquera outra actividade afín, xa creada ou que se poida crear no futuro, así coma aquelas que se dediquen á fabricación e/ou instalación e colocación de produtos e materiais de madeira.

3. Persoal. Afectará a totalidade do persoal que preste servizos nas empresas afectadas.

Artigo 3º.-Ámbito temporal e denuncia.

1. Terá a duración de tres anos, contados desde o 1 de xaneiro de 2004 ata o 31 de decembro do 2006. A súa vixencia será a da totalidade da súa duración.

O artigo 19º: días festivos e o anexo I estarán en vixencia ata o 31-12-2004; mentres que o artigo 26: salarios e o artigo 27º: revisión salarial, estarán ata o 31-12-2005.

2. Para dar cumprimento ao previsto no Estatuto dos traballadores, as partes asinantes fan constar expresamente que o presente convenio non precisa denuncia para a súa total extinción o 31-12-2006.